



II EDICIÓN

Atlas Galego da Empresa Comprometida

GALICIA SMART BUSINESS

2021



Economía Digital Galicia
www.economiadigital.es/galicia

Segunda edición
Atlas Galego da Empresa Comprometida
Galicia Smart Business
Ano 2021

Director Economía Digital Galicia

Julián Rodríguez

Dirección técnica

Marcelino F. Mallo

Dirección de desenvolvemento

Virgilio Costas

Redacción Economía Digital Galicia

Cristina Díaz Pardo

Javier García Casco

Rubén Rodríguez

Eila Rodríguez Filgueiras

Equipo técnico, diseño e comunicación - Táctica y Estrategia de Comunicación

Ana Sanjuás

Eva Sobreira

Andrea Pérez

Edita:

Economía Digital de Galicia S.L. B70325923

Rúa Alcalde Puga y Parga 2, planta 1 15006 - A Coruña

Rexistro Mercantil de A Coruña. Folla C-48412, Tomo 3446 Folio 40

Imaxes:

Banco de imaxes Freepik

Foto páxina 43: Pxhere.com - Jose Luis Cernadas



PATROCINADORES GALICIA SMART BUSINESS:



A segunda edición do <i>Atlas Galego da Empresa Comprometida</i>	04
Empresas participantes no AGECE	06
Metodoloxía	08
As apostas de Economía Digital Galicia	11
Julían Rodríguez. Director de Economía Digital Galicia	
Un Atlas xa imprescindible	12
Marcelino Fernández Mallo. Economista e consultor	
ESG e reputación, o único camiño para crecer	13
Virgilio Costas. Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación	
Conclusións xerais do AGECE	14
Categoría <i>Bo goberno</i>	18
A1: Política ética	
A2: Certificacións éticas	
A3: Pacto Mundial da ONU	
A4: Transparencia activa	
A5: Transparencia económico-financeira	
Resultados categoría <i>Bo goberno</i>	
Categoría <i>Medio ambiente</i>	26
B1: Certificacións medioambientais	
B2: Gasto anual en protección ambiental	
B3: Control emisión gases efecto invernadoiro	
B4: Evolución emisión gases efecto invernadoiro	
B5: Uso de fontes de enerxías renovables	
B6: Bioeconomía circular	
Resultados categoría <i>Medio ambiente</i>	
Categoría <i>Contorna</i>	36
C1: Peso dos provedores galegos	
C2: Expansión de mercados	
C3: Peso do persoal en Galicia	
C4: Participación social	
C5: Cultura e lingua galegas	
C6: Investigación e desenvolvemento	
Resultados categoría <i>Contorna</i>	
Categoría <i>Persoas</i>	46
D1: Incremento de persoas ao ano	
D2: Formación	
D3: Estabilidade	
D4: Persoas con discapacidade	
D5: Igualdade	
D6: Teletraballo	
D7: Procesos participativos	
D8: Crisis Covid19	
Resultados categoría <i>Persoas</i>	
Análise das empresas participantes	56

A high-angle, black and white photograph of a business meeting. Three people are gathered around a table. A woman with long dark hair, wearing a black and white striped shirt, is in the foreground, looking at a tablet. A woman with glasses and a black top is leaning over the table, pointing at a document. A man with glasses and a white shirt is also leaning over the table, looking at the documents. On the table, there is a laptop, a tablet, and several documents. One document shows a bar chart, and another shows a line graph. A pen is also visible on the table. The background is blurred, showing more of the meeting space.

A segunda edición do Atlas Galego da Empresa Comprometida

Unha ferramenta necesaria

O Atlas Galego da Empresa Comprometida –AGEC– nacía no ano 2020 cun dobre fin: apoiar a competitividade das empresas galegas e contri- buír á definición dunha política económica de Galicia dentro dos pará- metros de sostibilidade que establece a estratexia da Unión Europea e a propia tendencia das economías do planeta. Aquelas palabras de onte carecen hoxe de sentido se non lles engadimos o factor que cuestionou cada realidade dende a súa irrupción: o Covid-19.

Se daquela entendiamos que a posición a prol da ética, do desenvolvemento local, da economía de proximidade, da protección do medio e do coidado das persoas supuña o requisito básico que a sociedade debería esixir ás súas empresas, trala chegada do **coronavirus** tales requirimentos se tornan inescusables. Máis que nunca, o **Compromiso** do mundo empresarial respecto das comunidades nas que desenvolve a súa acti- vidade representa a única actitude posible.

O AGECE deseñouse co propósito de identificar e **subliñar esa actitude de compromiso**. Por tal motivo, non esta- blecemos un ranking que estimulase a competencia entre as empresas que o for- man. A auténtica intención do Atlas é co- ñecer a **situación do tecido empresarial galego** cara as variables que determinan o seu compromiso co país –a súa econo- mía, o seu medio, a súa idiosincrasia e a súa xente– e pór en valor as **compañías exemplares** que dalgún xeito marcan o camiño a seguir. Por iso falamos de Atlas e non de ranking.

Galicia, como unidade territorial e comu- nidade, enfronta uns **desafíos propios** derivados dunha estrutura económica que necesita reforzar, e uns **desafíos globais** que chegan da man do quecemento global e de potenciais ameazas intempestivas –tipo coronavirus– que poden poñer en risco os xa de seu inestables equilibrios económicos e sociais e ata as dinámicas que entendiamos garantidas; velaí como exemplo a crise mundial de subministra- cións que ninguén foi quen de albiscar.

Neste contexto, presentamos a **segunda edición** do **Atlas Galego da Empresa Comprometida**, co convencemento de pór a disposición de Galicia unha ferra- menta de alto valor para a nosa economía e as súas empresas; xa que logo, tamén para o conxunto da sociedade galega.

**Empresas
participantes**

O Atlas crece con novas empresas

Para a elaboración do Atlas, Economía Digital Galicia convidou a participar ás empresas con sede fiscal en Galicia cunha facturación superior aos 2 millóns de euros ou cun cadro de persoal superior aos 30 traballadores. Posteriormente, solicitouse directamente o concurso das 920 compañías ou grupos empresariais cunha facturación superior aos 10 millóns de euros e máis de 50 traballadores, unha mostra que representa a máis 1.325 sociedades.

Finalmente, o AGECE 2021 está formado por **70 empresas**, que suman unha **facturación global de 30.201 millóns de euros** e contan con **227.484 empregos** directos. Supoñen un 16% máis que no ano 2020; delas, o 53% entran por primeira vez no Atlas.

Por **provincias**, o 55,7% das empresas que participan no Atlas están localizadas en A Coruña, o 32,9% en Pontevedra, o 8,6% en Lugo e unicamente o 2,8% en

Ourense. Unha diferenza entre as provincias atlánticas e as do interior que reflicte esa dicotomía tradicional na distribución territorial da economía galega.


Atendendo ao **tamaño**, as empresas participantes clasifícanse da seguinte maneira:

Facturación 2020	Nº empresas
Por riba dos 1.000 millóns €	4
Entre 500 e 1.000 millóns €	3
Entre 100 e 500 millóns €	10
Entre 50 e 100 millóns €	8
Entre 10 e 50 millóns €	34
Menos de 10 millóns €	11

	Empresas consultadas	Empresas participantes	Facturación global empresas participantes	Emprego directo empresas participantes
				
2020	920	70	30.201 M€	227.484
2019	570	60	38.044 M€	256.433

O efecto do Covid-19 conséntase xa dende o contraste da **facturación** das empresas participantes no Atlas, que cae un 20,6% entre 2019 e 2020. O **emprego** tamén se resinte pero cunha menor intensidade; en concreto, sofre unha perda do 11,3% nese mesmo período.

Facturación e emprego das empresas participantes




A group of people are gathered around a table, working on a project. The table is covered with various items: a large sheet of paper with a hand-drawn diagram, several colorful sticky notes (yellow, pink, and blue) with handwritten text, a clipboard with a pen, and a small notebook with a bar chart. The people's hands and arms are visible, showing they are actively engaged in the work. The background is slightly blurred, focusing attention on the collaborative workspace.

Metodología

Obxectividade e transparencia

A **metodoloxía de medición e análise** utilizada foi descrita con detalle na **primeira edición do Atlas** (*pódese consultar nesta [ligazón](#)*). Nesta segunda edición, o procedemento xeral non variou; unicamente se engadiron variables e algunha xa presente na primeira edición modificou o seu modo de cálculo. Así pois, na segunda edición do Atlas exporemos a metodoloxía utilizada dun xeito abreviado.

O Atlas articúlase en **catro Categorías**. Cada unha delas corresponde a un dos eidos ou áreas principais onde cristaliza o compromiso da empresa coa súa comunidade. En concreto, esas catro categorías son:



As categorías son analizadas a partir de **Variables** identificativas do compromiso das empresas cara a cada unha das áreas. O AGECE 2021 recorreu a un total de **27 variables**, dúas delas de carácter xeral (*Facturación e Emprego*). Estas variables pódense estruturar en **atributos**, os cales representan os distintos ámbitos da realidade que se pretende medir. Por ilustralo cun exemplo, a primeira variable na categoría *Bo Goberno* é *Política ética*, que se divide nos seis atributos seguintes:

- Existencia dun código ético na empresa
- Implantación de procesos de seguimento do comportamento ético
- Procesos específicos de información e transparencia en aplicación do código ético
- Aplicación de sancións por prácticas contrarias ao comportamento ético
- Convocatoria de eventos formativos en torno á ética
- Esixencia dun código ético a provedores

As variables e os atributos poden ser dicotómicos (resposta Si ou Non), poden invitar a elixir unha observación entre un conxunto de varias opcións, ou poden resultar continuos, é dicir, presentar un valor numérico. Estes valores numéricos foron tratados sempre como magnitudes relativas para evitar o nesgo derivado das diferenzas de tamaño.

Na seguinte táboa indicamos o número de **variables e atributos** manexados por categoría nesta segunda edición do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*:

Variables e atributos por categoría

CATEGORÍA	Nº VARIABLES	Nº ATRIBUTOS
Xeral	2	-
Bo Goberno	5	27
Medio Ambiente	6	21
Contorna	6	13
Persoas	8	15

A **amplitude de realidades** observadas propicia unha análise diversa e desbota o efecto perturbador sobre os resultados que podería ter algunha variable en caso de que o estudo se restrinxira a uns poucos conceptos, e asegura ademais un peso equilibrado das realidades que compoñen o Atlas.

Unha vez recompilados os datos, procedentes na súa maioría dunha enquisa cuberta polas empresas participantes, son tratados mediante cálculos matemáticos. Deste xeito, obtéñense uns **índices por variables** que, agregados, compoñen o índice sintético de cada empresa respecto a cada categoría.

Os índices fanse sobre unha base 100 de modo que se facilite a comparación entre variables. A amplitude de variables e atributos e a obxectividade que implica o cálculo dos índices, outorgan ao Atlas un carácter de **total neutralidade** e, consecuentemente, de absoluta independencia respecto a calquera cuestión allea ao contido das realidades analizadas.

Finalmente, os índices trasládanse a unha **escala de niveis ilustrados** por estrelas os cales veñen a representar o distinto estadio de compromiso –de 0 a 5– que amosa cada empresa respecto ás catro categorías definidas. Con ese panel de estrelas constituímos o *Atlas Galego da Empresa Comprometida*.



As apostas de Economía Digital Galicia

Julián Rodríguez

Director de Economía Digital Galicia

Esa longa camiñada de Economía Digital Galicia comezou cun paso fai agora uns dez anos, que se cumpren en 2022. Nesta aventura estamos embarcados desde o primeiro momento os mesmos xornalistas, a quen hai que sumar as incorporacións que se foron producindo ao longo dos anos. Outro tanto sucedeu coa nosa base accionarial, que tamén se ampliou. Crece-mos xuntos, por dicilo dalgún modo. E tamén o fixo Economía Digital Galicia, aquel diminuto medio que botou a andar en 2012 e que é hoxe grande se se atende aos seus usuarios, lectores, proxectos, anunciantes e patrocinadores.

A un período de consolidación no mercado, lento ao principio pero cun plan de crecemento definido, veuse a sumar nos dous últimos anos unha estratexia na que prima a diversificación de proxectos sen perder de vista esa clave de bóveda que é Economía Digital Galicia e os seus lectores. É así como naceu en 2020, en plena pandemia, Galicia Smart Business (GSB), a iniciativa que agora nos convoca.

O que comezou como unha idea que ben podería sintetizarse cun bolígrafo nun pano de mesa é hoxe unha proposta que tamén apunta á consolidación. Trátase do Atlas Galego da Empresa Comprometida na súa segunda edición, mellorada e ampliada. O Atlas intégrase nun todo, GSB, que naceu con vocación de continuidade no tempo, con renovadas ofertas xornalísticas.

O esforzo mereceu a pena, á vista do resultado. O que ten o lector nas súas mans ou ante a pantalla do seu portátil ou móbil é unha análise en profundidade da implicación e o compromiso das empresas galegas coa sociedade. Difícil valoralo, certo, pero non por iso deixamos de tentalo. E fixémoslo cunha ecuación que se des-pexou a través de dous elementos: o rigor e a obxectividade. Fórmula gañadora. E contámolo no Atlas. Con transparencia.

Tentamos fuxir desa gran autoestrada que é a Responsabilidade Social Corporativa, sobre todo a mal entendida, a que se constrúe como ferramenta de proxección das propias empresas, e transitamos por unha vereda moito máis interesante, ao seleccionar o noso equipo as variables e categorías que mellor poden testar o compromiso das empresas. Esa é a filosofía do Atlas Galego da Empresa Comprometida tamén na súa segunda edición. Para logralo, Economía Digital Galicia contou de novo co economista Marcelino Fernández Mallo, director técnico do Atlas, e o equipo liderado por Virgilio Costas Pumar, director de desenvolvemento. Tamén neste caso crecemos xuntos.

O Atlas Galego da Empresa Comprometida, nas súas dúas versións, castelán e galego, é unha das patas sobre as que descansa Galicia Smart Business, o gran paraugas que alberga outras iniciativas postas en marcha recentemente. É o caso dos Observatorios de Economía Digital Galicia, unha proposta audiovisual que nace tamén coa pandemia, toma forma tras o gran confinamento e consolídase como punto de encontro da empresa, a economía e a propia sociedade galega ao longo de debates e entrevistas que se difundiron a través das nosas canles durante todo o ano.

As apostas de Economía Digital Galicia renóvanse e crecen, mostra inequívoca do noso compromiso. E fano co mellor dos respaldos, o dos seus lectores.



Un Atlas xa imprescindible

Marcelino Fernández Mallo
Economista e consultor

En agosto pasado, sucedeu algo inédito na paisaxe nevada de Groenlandia, algo nunca antes rexistrado: choveu na súa cima máis alta, a chamada *Summit Station*. En xullo, bateuse a marca histórica de temperatura no mundo, 54,4º no *Death Valley* de California. Siracusa, en Sicilia, viviu este último verán a máis alta temperatura rexistrada nunca en Europa: 48,8º. O Ártico observou tamén un dato tristemente histórico: o de menor superficie xeadá desde que esta variable empezouse a medir. 2021 deixou múltiples noticias alarmantes a medida que ía cubrindo datas do calendario: inundacións, seca ou incendios fóra das magnitudes coñecidas sucedéronse nos cinco continentes.

Durante este ano que termina asistimos doutra banda a bruscos cambios sociais e laborais, iniciados durante 2020, froito da Covid-19. A eventos noutro momento impensables como as restricións aos movementos das persoas, os peches temporais de establecementos e servizos ou o traslado de millóns de postos de traballo desde a oficina até o fogar, sumáronse os desaxustes entre oferta e demanda de múltiples mercados, o caos da loxística e a falta de subministracións de miles de insumos e produtos. Fálase de que esta quebra da tradicional dinámica de produción e consumo é un fenómeno temporal pero non se di ata cando durará nin se volverá ocorrer unha vez se resolva.

As consecuencias do exposto nos parágrafos anteriores son imprevisibles. Ninguén pode aventurarse a prognosticar como e cando serán as próximas manifestacións do quecemento global nin tampouco a prever a evolución da presente pandemia ou doutras futuras probables. Hai, con todo, un efecto inequívoco: as economías locais teñen que facerse fortes; han de dotarse dunha capacidade de produción que asegure as subministracións dos bens básicos,

e han de xerar dinámicas internas de colaboración que dean cohesión ás súas comunidades.

O *Atlas Galego da Empresa Comprometida* revélase un instrumento cómplice da sociedade para lograr os dous magnos obxectivos, e por varios motivos. En primeiro lugar, porque sinala as mellores prácticas, os exemplos a seguir; en segundo lugar, porque o fai identificando as políticas e actitudes que favorecen o desenvolvemento autóctono, a creación de comunidade e o coidado do medio natural; e en terceiro lugar, porque se revela en si mesmo como un exercicio de compromiso entre a propia empresa e a sociedade á cal pertence.

Presentamos a segunda edición do Atlas sabendo que haberá outras moitas. Entendemos que o Atlas se converteu xa nunha ferramenta imprescindible para valorar as estratexias en marcha das empresas galegas na súa resposta ás tendencias globais e as necesidades específicas do país.

A close-up photograph of two hands pointing at a colorful chart or map on a table. One hand is holding a pen, and the other is pointing with a finger. The chart has various colored sections and lines.

ESG e reputación, o único camiño para crecer

Virgilio Costas

Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación

A pandemia provocada polo coronavirus Covid-19 sumiu á economía en incontables incertezas. Case dous anos despois do confinamento, aínda resulta difícil predicir como será a saída da crise e canto se tardará en recuperar os niveis de 2019. Con todo, emerxeron algunhas certezas evidentes. A primeira, a “nova normalidade” non será como a coñecemos antes e, a segunda, que as empresas terán que demostrar elevados índices de compromiso coa contorna, coa sustentabilidade e un desenvolvemento ético na xestión.

Os criterios ESG (Ambientais, Sociais e Goberno corporativo, polas súas siglas en inglés) marcarán a transformación da economía nos próximos anos. Xa non se trata dun exercicio voluntarista ou de “xestos” co medio ambiente ou os colectivos máis desfavorecidos. O *greenwashing* para limpar a imaxe das compañías nunha campaña de marketing agora está penalizado polos consumidores.

Ademais, a Comisión Europea está disposta aplicar unha nova estratexia para avanzar cara a unha economía máis sostible e circular e acabar coas operacións de maquillaxe. Un claro exemplo diso é a decisión de destinar os fondos *Next Generation* a aqueles proxectos que contribúan a unha economía máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos de innovación que nos presenta o futuro. En resumo, acabouse o financiamento para a vella economía lineal.

En paralelo, a Unión Europea aprobou o regulamento mediante o cal establece o marco xurídico para facilitar os investimentos sostibles¹, o que obrigará aos actores dos mercados financeiros a dirixir os seus recursos a proxectos sostibles e de economía circular.

Por tanto, as empresas deben adaptar a súa actividade para contribuír á mitigación do cambio climático, o uso sostible e protección dos recur-

sos hídricos, a transición cara a unha economía circular, a prevención e control da contaminación e a protección da biodiversidade e os ecosistemas. Aquelas compañías que decidan afastarse destes criterios terán máis dificultades para lograr recursos financeiros no mercado.

Ademais, non aplicar os criterios ESG poden causar un dano reputacional nas empresas, penalizado polos consumidores e os grupos de interese con graves consecuencias, como a perda de credibilidade e confianza no mercado. Nunha economía globalizada, xa non vale aquilo de “o que pasa nas Vegas, queda nas Vegas”. Un breve incidente en lugares remotos provocará unha crise na compañía senón xestiónase de acordo con criterios ESG e goza de boa reputación. Un exemplo recente diso constitúe o caso dos supermercados ALDI, que decidiu retirar os produtos da horta murciana da súa oferta en todos os centros de Europa debido a unha reportaxe de televisión emitida en Alemaña que cuestionou os métodos de rega dos agricultores murcianos e acusoulles de ser responsables do desastre ambiental do Mar Menor.

O Atlas Galego da Empresa Comprometida é un esforzo de investigación que pretende acherregar valor ás empresas que xa aplican políticas respectuosas co medio ambiente, a contorna e o bo goberno. Neste segundo estudo de Economía Digital Galicia repetiron dous terzos das empresas que xa o fixeron na primeira edición e sumáronse outras 30 máis, que supoñen un 50% das 60 do ano 2020.

Un claro exemplo do interese que esperta o Atlas no ámbito empresarial xa que estiman que é importante que se midan de forma obxectiva os esforzos que realizan para cumprir coa contorna e a sociedade.

1. [Regulamento \(UE\) 2020/852](#) do PE e do Consello do 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088

A blurred background image showing several people in a meeting or office setting. They are seated at a table, and some are holding pens, suggesting a collaborative work environment. A solid light blue vertical bar is positioned on the left side of the image.

Conclusións xerais

Compromiso fronte a pandemia


Este ano, quixemos que a primeira cuestión a tratar fose a política que seguiron as **empresas galegas ante a pandemia**; non se podía comezar doutra maneira. O gratificante resultado foi que das 70 empresas, 50 adaptaron a actividade á evolución da demanda sen recorrer a ningún tipo de ERTE ou fórmula similar.

As **restricións impostas polo Covid** afectaron de maneira diferente as empresas que participaron na presente edición do Atlas Galego da Empresa Comprometida, xa que algúns sectores sufriron unha diminución importante nos seus ingresos mentres as que operan noutros ámbitos, como a alimentación ou o tecnolóxico, experimentaron un notable crecemento.

A foto global indica que as empresas do Atlas facturaron 30.201 millóns de euros en 2020, o que supón 7.843 millóns de euros menos respecto de 2019 (redución dun 20,6%) e 28.949 empregos menos (descenso dun 11,3%). Pero é unha imaxe deturpada polo peso de Inditex. A multinacional con sede en Arteixo, que sufriu de maneira severa as restricións do confinamento, rexistrou un descenso do 27,9% da súa facturación (7.884 millóns de euros) e o persoal contraeuse un 18,4% (32.495 traballadores menos).

O resto das empresas do Atlas suman unha facturación global de 9.799 millóns de euros, cun incremento do 0,4% (40,5 millóns de euros) en 2020 respecto de 2019, mentres

Políticas adoptadas para facer fronte aos desafíos derivados do Covid-19



- Continuamos a actividade adaptando a organización á evolución da demanda
- Prescindimos dos traballadores temporais
- Adoptamos un ERTE que afectou a unha parte minoritaria do conxunto da empresa
- Adoptamos un ERTE que afectou a unha parte maioritaria do conxunto da empresa

que no apartado de persoal crearon 3.546 postos de traballo máis, até alcanzar os 83.368 empregados (aumento do 4,4%).

As empresas do ámbito tecnolóxico, I+D+i, enerxía renovable, alimentación ou asistencial son as que experimentaron maiores crecementos de emprego, con 5.471 traballadores máis, mentres que as do sector do retail, lecer ou industrias non esenciais reduciron o seu persoal en máis de 1.900 empregos.




Outra cuestión derivada da pandemia foi a **implantación do teletraballo**. O Atlas verificou a actuación decidida neste apartado pois salvo tres empresas, o resto puxeron en marcha solucións de traballo na casa, 5 porque xa dispuñan dunha plataforma e ata 62, o 88,6% do total, a desenvolveron para facer fronte á pandemia.

Máis alá da reacción ante a Covid19 e antes de afondar no estudo de cada categoría, poñeremos de relevo as conclusións xerais do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* 2021. En primeiro lugar, resulta obrigado destacar as **12 corporacións que obtiveron unha valoración de 4 estrelas ou superior nas catro categorías**. Entendemos que isto expresa a preocupación desas compañías en tódalas áreas de estudo o que fai pensar nunha **estratexia integral** ante os grandes asuntos que afectan ao mundo na súa globalidade, e a Galicia como a súa comunidade máis próxima. Estas 12 organizacións son, por orde alfabética, as que destacamos na táboa inferior.

Na categoría **Bo Goberno** é onde as empresas do Atlas acadan unha **maior puntuación**, cun índice de 56,6 puntos sobre 100, o que demostra a priori un alto compromiso coa ética e a transparencia; nesta categoría de Bo Goberno, unicamente 10 empresas

Desenvolvemento do teletraballo



- Aplicamos o plan de teletraballo que xa existía na organización
- Implantamos no conxunto da organización un plan de teletraballo que deseñamos a consecuencia da pandemia
- Implantamos o teletraballo para aqueles empregados/as que desexaron acollerse a él
- Descartamos o teletraballo porque reduce a produtividade

das 70 do AGECE amosan unha posición deficiente (0 ou 1 estrelas), o cal, ademais, implica unha evolución positiva respecto á primeira edición.

Empresas destacadas

(Por orde alfabética)

Abanca
Ceamsa
Conservas Friscos
Corporación Hijos de Rivera
Gadisa
Greenalia
Grupo Calvo
Grupo Gestán
Inditex
Kaleido Ideas & Logistics
R Cable
Vegalsa - Eroski

As categorías que definen a afinidade respecto á **Contorna** e a relación ante as **Persoas** que conforman a organización, presentan un índice similar en torno ao valor medio (49,1 puntos Persoas; 48,1 puntos Contorna), se ben na atención á Contorna atopamos máis casos (14), en posición deficiente. Finalmente, é a categoría **Medio Ambiente** onde se confirma un maior marxe de progresión potencial, cunha puntuación media de 28,9 e nada menos que 38 empresas (o 54% do total) nunha posición deficiente.

Atendendo á acumulación de estrelas, habemos destacar á **Corporación Hijos de Rivera** e **Grupo Gestán** como as empresas que máis conseguiron, un total de 17 cada unha. Nun segundo chanzo con 16 estrelas, encontramos a **Conservas Friscos, Gadisa, Greenalia**, ou **Grupo Abanca** e **Inditex**. Nun terceiro caixón con 15 estrelas, estarían **Calvo, Ceamsa, R Cable** e **Vegalsa-Eroski**.

Resumen por Categorías

Tralo repaso de carácter xeral, mencionamos os detalles que máis merecen ser destacados en cada categoría.

Unha **elevada porcentaxe das empresas** que participaron no AGECE (89%) **conta cun código ético** ou ferramenta similar, ademais de ter procesos de seguimento (74%), un catálogo de sancións polos comportamentos contrarios ás boas prácticas (82%) e esixir o cumprimento do código ético aos provedores (70%).

Con todo, esta vontade de cumprimento **non está certificada por ningún dos selos internacionais** recoñecidos como SGE 21 que mide a xestión ética (5,7%) ou o ISO 37001 que certifica a xestión anti-suborno (4,3%). Tampouco é destacable a participación no Pacto Mundial, xa que o 62,3% das empresas non están adheridas en ningunha das súas modalidades.

Respecto ao **compromiso ambiental**, as empresas do Atlas **adoecen de certificacións segundo os estándares inter-**

nacionais. O 63% delas conta co selo da norma ISO 14001 de xestión ambiental, pero outras certificacións como a Etiqueta Ecolabel (4,3%), o control de emisión de gases de efecto invernadoiro (10%), a pegada hídrica (0%), o residuo cero (2,9%) ou declaración ambiental de produto (2,9%), son moi minoritarias.

O Atlas constata a **tendencia das empresas para adaptarse á economía circular**.

O 34,3% delas conta cun plan para a implantación da bioeconomía; o 63% dispón dun plan de redución de plásticos; a 63% aposta por envases e embalaxes reutilizables ou reciclables; o 41,4% adoptou medidas para a substitución de materias primas e produtos de orixe fósil; e o 27% incorporou a esixencia de redución de plásticos aos seus provedores.

A **loita pola igualdade de xénero** é outro aspecto no que destacan as empresas que participan no Atlas. A 91,4% conta con medidas para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar; o 75% dispón dun programa para identificar e eliminar casos de discriminación laboral por motivo de xénero; o 68,6% dispoñen dun plan propio para lograr a igualdade de xénero nos seus órganos de goberno; e o 71% comunica a retribución media por categorías laborais e realiza un seguimento para evitar posibles desigualdades por xénero.

Con todo, o teito de cristal permanece aínda nas empresas para os postos de directivos ou de representación no Consello de Administración. As mulleres con cargos nos comités de dirección das compañías do Atlas representan o 27,4% do total, mentres que nos Consellos de Administración tan só supoñen o 19,3%.



**Atlas Galego
da Empresa
Comprometida**

GALICIA SMART BUSINESS

2021

BO GOBERNO

Metodoloxía e resultados





Bo Gobierno

Na senda da xestión ética

Entendemos por *Bo Goberno* nunha organización a aplicación dunha **política modélica en termos de ética** e estrito cumprimento da lei así como unha actitude xeral de **transparencia** ante os distintos axentes que configuran a comunidade onde desenvolve a súa actividade, en primeiro lugar os seus propios clientes.

Incluimos tamén a contribución da empresa aos **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)** derivados do **Pacto Mundial da ONU**, que entendemos como manifestación suprema das grandes metas que enfronta o planeta.

Para o estudo da categoría *Bo Goberno*, identificamos **cinco variables** a través das cales se poderá avaliar o compromiso da empresa neste ámbito, que son:

- Política ética
- Certificados éticos
- Pacto Mundial
- Transparencia activa
- Transparencia económico-financeira

A1: Política ética

De acordo coa *European Business Ethic Network*, enténdese por ética a aplicación dunhas “prácticas nas que se implican as normas e valores dos individuos, das empresas e da sociedade”. Para a súa medición, recórrase aos **atributos** dicotómicos –existe/non existe– seguintes:

- Código ou ferramenta similar de aplicación en toda a organización no cal se expresen as expectativas respecto á ética no traballo
- Procesos e/ou ferramentas para o seguimento do cumprimento das normas sobre comportamento ético
- Procesos específicos de información e transparencia da aplicación do código ético
- Sancións ás prácticas contrarias á ética na organización
- Eventos formativos en torno á ética na empresa
- Aplicación dun código ético a provedores

As empresas do AGECE demostran unha preocupación manifesta por **manter unha xestión ética**: o 89% declaran ter implantando un código ético; o 74% realizan un seguimento periódico do seu cumprimento; un 80% das empresas implantaron canles de información interna sobre o comportamento ético; o 83% teñen previstas sancións para casos específicos de incumprimento e o 70% estenden o código a provedores.

Unha posición menos sólida presentan as empresas do Atlas respecto á **formación aos traballadores** en torno á ética pois unicamente o 49% convocaron cursos sobre esta problemática.

A2: Certificacións éticas

Esas empresas do AGECE que amosan a súa preocupación por manter un alto estándar de comportamento ético, non dan sen embargo o paso adiante que suporía subscribir algún dos **certificados** existentes para acreditar as boas prácticas en materia ética.

O Atlas contempla como atributos a posesión dos seguintes certificados:

- Certificado acreditativo de cumprir a Norma SA8000 (*Social Accountability*)
- Certificado acreditativo de cumprir as normas do SGE21 (*Sistema de Xestión Ética*)
- Certificado acreditativo de cumprir a Norma ISO 37001 (*Sistema de Xestión Antisuborno*)
- Certificado acreditativo de cumprir OHSAS18001 (*Sistema de Xestión da Seguridade Laboral*)
- Certificado acreditativo de cumprir as normas da *Fair Trade Certification*

Código ético


Existe un código ou ferramenta similar de aplicación en toda a organización no que se expresen as expectativas respecto á ética no traballo?



Ten a empresa implantados procesos e/ou ferramentas para o seguimento do cumprimento das normas sobre comportamento ético?




Ten a empresa implantados procesos específicos de información e transparencia da aplicación do código ético?




Sanciónanse as prácticas contrarias á ética na organización?



Celébranse con asiduidade eventos formativos en torno á ética na empresa?



Comunica a empresa o código ético aos provedores e exíxelles o seu cumprimento?




■ Sí ■ Non ■ Non sabe/Non contesta



Entre o grupo de empresas que conforman o Atlas, 28 (un 40%) posúen o certificado OHSAS18001 mentres que o resto de certificacións apenas entrou nun pequeno

número (de 2 a 4) de organizacións. Destacamos o caso de Plexus Tech que posúe 3 certificados éticos.

Certificacións acreditadas (en porcentaxes)




A3: Pacto Mundial da ONU

Ao incorporar esta variable ao AGECE, preténdese poñer de manifesto a observancia por parte da organización dos **ODS** definidos no contexto da Axenda 2030. Entre as empresas que compoñen o Atlas, o 62,3% manifestan non estar adheridas ao Pacto,

un 8,7% indican estar en proceso de adhesión, e un 14,5% afirman estar adheridas ben como Socio *Signatory*, sen cota anual, ou ben como Socio Participant, con cota anual, 10 empresas en cada caso.

Aplicación do Pacto Mundial



A4: Transparencia activa

O AGECE asimila o concepto de *Transparencia activa* que se esixe aos organismos públicos respecto á súa estratexia, recursos e persoas. Adóptanse os seguintes atributos contidos no **indicador INDEP** de *Transparency International España* segundo se a empresa publica:

- Os curriculum vitae dos membros do consello de administración e do comité directivo ou órgano equivalente
- As retribucións dos membros do consello de administración e do comité directivo ou órgano equivalente así como as indemnizacións previstas por abandono do cargo
- A distribución do persoal por destinos, sexo, grupos de idade e categorías
- O plan estratéxico e os plans e programas anuais e plurianuais
- O inventario actualizado do seu patrimonio
- Se aplica nos seus informes públicos os estándares internacionais GRI (*Global Reporting Initiative*)
- Finalmente, se existe no sitio web da empresa un servizo para canalizar as consultas, suxestións e as reclamacións de calquera cliente ou axente social


Como promedio, as empresas do Atlas observan 4,4 criterios dos 7 anteriores, o cal semella un valor mellorable. Unicamente tres organizacións (Greenalia, Nueva Pescanova e Inditex) compren os 7 requisitos e soamente 28 (un 40%) observan un mínimo de 5. Como eivas máis evidentes, sinalamos que tan só 8 empresas publican os curriculum vitae dos membros do consello de administración e comité directivo e 5, o plan estratéxico ou plurianual.

A5: Transparencia económico-financeira

A partir da mesma asimilación que se indica na variable anterior, aplícase a avaliación neste caso á **información financeira que a empresa fai pública**. Esta variable contempla os atributos seguintes:

- Información sobre a estrutura de dominio ou propiedade da empresa
- Os estados financeiros da empresa, incluíndo a memoria anual, así como do grupo consolidado no seu caso con acceso á información das filiais
- Os informes de auditoría e de control financeiro ou de fiscalización emitidos por órganos externos á empresa
- Unha previsión de balance e da conta de resultados do vindeiro exercicio
- Información sobre custos, ingresos e resultados dos distintos servizos, actividades ou liñas de negocio da empresa
- Principais investimentos do exercicio contable incluíndo as operacións consideradas Inversión Social Responsable
- As subvencións e axudas en xeral recibidas de toda institución de carácter público
- Os contratos e concesións recibidas de toda institución de carácter público

Aplicación dos estándares internacionais GRI



En canto á transparencia económico-financieira, a situación semella algo mellor que respecto á variable de transparencia activa. As empresas observan como media 5,8 dos 8 atributos contemplados, e hai 4 que compren todos eles: **Altia, Ibercisa Deck Machinery, Netex** e o **R.C. Deportivo**. O 63% das empresas observan cando menos 6 requisitos.

As principais eivas neste apartado refírense ao contratos e concesións de carácter público recibidas, que so publican 35 empresas (o 50% do total) e especialmente á previsión de balance e conta de resultados, exposta tan so por 5 empresas. Tamén semella mencionable que 17 empresas non publican os principais investimentos levados a cabo no exercicio contable.

Empresas destacadas na categoría Bo Goberno

Como se explicaba na *Metodoloxía*, o conxunto de atributos levan aparellada unha puntuación. A agregación deses puntos supón a valoración de cada empresa por variable; a suma das valoracións resulta no índice de cada empresa por categoría, que se converte en estrelas en función duns intervalos definidos. A seguir, destacamos as organizacións que obtiveron 4 e 5 estrelas na categoría Bo Goberno.

Empresas destacadas		Estrelas
1.	Inditex	★★★★★
2.	Nueva Pescanova	★★★★★
3.	R Cable	★★★★★
4.	R. C. Deportivo	★★★★★
5.	Grupo Calvo	★★★★★
6.	Congalsa	★★★★★
7.	Grupo Gestán	★★★★★
8.	Corporación Hijos de Rivera	★★★★★
9.	Servicio Móvil	★★★★★
10.	Gadisa	★★★★★
11.	Gesuga	★★★★★
12.	Abanca	★★★★★
13.	Plexus Tech	★★★★★
14.	Teiga TMI	★★★★★
15.	Akwel Vigo Spain	★★★★★
16.	BorgWarner	★★★★★
17.	Greenalia	★★★★★
18.	Grupo OCA	★★★★★
19.	Vegalsa - Eroski	★★★★★

Bo Goberno

A white map of Galicia is positioned on the left side of the cover, overlapping a solid blue vertical bar and the background image. The map has a subtle texture.

**Atlas Galego
da Empresa
Comprometida**

GALICIA SMART BUSINESS

2021

MEDIO AMBIENTE

Metodoloxía e resultados





Medio Ambiente

Un esforzo insuficiente

Como dicíamos na primeira edición do Atlas, na categoría *Medio Ambiente* que-remos avaliar a política que observan as empresas galegas cara ao noso **medio natural**. O chamado *Medio Ambiente* representa o fogar do ser humano, o espazo onde vivimos e convivimos, o cal se encontra nunha situación preocupante. Tal como manifestou a Organización Meteorolóxica Mundial no balance climático provisional 2021: “As concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera volveron marcar un novo récord o que impulsa o planeta cara a un territorio descoñecido, con repercusións de grande alcance para as xeración actuais e futuras”.

As empresas, en especial aquelas cun maior potencial de impacto nos recursos naturais, teñen a **obriga de contribuír ao coidado do medio** e á reposición do seu estado ate niveis óptimos e exentos de risco tanto para o propio ser humano como para o conxunto de especies animais e vexetais; este é un dos puntos de partida fundamentais do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*. É preciso converter as instalacións empresariais en espazos sostibles, economizar recursos enerxéticos, aproveitar os recursos máis próximos, implantar principios da economía circular e xestionar os transportes con criterios ecolóxicos. Nesta liña, o AGECE identifica as seguintes **variables de avaliación**:

- Certificacións medioambientais
- Gasto anual en protección ambiental
- Control emisión gases efecto invernadoiro
- Evolución da emisión de gases efecto invernadoiro
- Uso de fontes de enerxía renovables
- Bioeconomía circular

B1: Certificacións medioambientais

Terse acreditado nalgunha ou nalgunhas das múltiples certificacións medioambientais existentes non é a única fórmula que asegura o respecto aos recursos e condicións naturais pero si supón un bo sinal de preocupación e implicación da empresa neste eido. O AGECE identificou como atributos dicotómicos (Si/Non) as normas seguintes:

- Certificado medioambiental específico do seu sector de actividade
- Etiqueta EU Ecolabel – EEE (Etiqueta Ecolóxica Europea) ou equivalente
- Certificación Norma ISO 14001 de Xestión Ambiental
- Certificación Norma ISO 50001 de Xestión Enerxética
- Certificación Norma ISO 14064 ou 14069 (Control Emisións Gases Efecto Invernadoiro)
- Certificación do EMAS (Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría)
- Certificación Norma ISO 14046 de Pegada Hídrica
- Certificado Residuo Cero
- Global EDP (Declaración Ambiental de Produto)
- GHG Protocol (*Green House Gas*) de Pegada de Carbono

A media de certificados ambientais das empresas do Atlas é 2,5 e obsérvanse importantes diferencias entre elas. No lado positivo, **Citic Censa**, **R Cable** e **Servicio Móvil** compreen 6 dos 10 requisitos de certificacións

contemplados. No outro extremo, 14 organizacións non consideran necesario dispor de ningún certificado dos presentados.


Son 42 as **empresas que dispoñen dun certificado propio do seu sector** –o 61%– con outras 6 que manifestan encontrarse en trámites de obtención. Entre as certificacións específicas, a máis popular parece ser a ISO14001 mentres que a ISO14046, a Residuo Cero e a Global EDP apenas contan con presenza entre as empresas do Atlas. Chama a atención a nula consideración da norma referente á pegada hídrica tendo en conta a importancia crítica que hoxe en día debería ter o tratamento e uso da auga.

B2: Gasto anual en protección ambiental

Considérase o investimento mailo gasto corrente en xestión de residuos, xestión de augas residuais, protección do aire, clima, solos, radiacións, diminución do ruído e vibracións, I+D medioambiental e protección da biodiversidade e a paisaxe.


Disposición de certificado sectorial

Dispón a empresa dalgún certificado medioambiental específico do seu sector de actividade?



O valor pode oscilar de 0 a 4 e para o cálculo as empresas divídense en dous bloques: por unha banda, os sectores industrial,

Certificacións ambientais



enerxético, mineiro e transporte, isto é, aquelas actividades cun maior impacto previsible no medio ambiente e que tenderán a dedicar máis recursos á súa protección; pola outra banda, o resto de sectores cuxa actividade ten un impacto escaso sobre o medio ambiente e, polo tanto, dedicarán previsiblemente menos recursos á súa protección. A partir desa división, faise o seguinte cálculo:

- Cálculase o ratio "Gasto anual en protección ambiental/Total facturación" de cada empresa
- Tómase o máximo ratio de cada bloque
- O valor será: (Ratio empresa/Máximo ratio do seu bloque) x 4

Son **37 empresas** as que **declaran un gasto en protección ambiental**, un 53% das empresas do Atlas, unha evolución especialmente relevante respecto ao escaso 32% de organizacións que declararon imputar unha partida por este concepto na primeira edición. As empresas que destacan no ratio entre gasto de protección e facturación son o **Grupo Gestán** e **Sogama**.




B3: Control emisión gases efecto invernadoiro

Trátase do rexistro e cuantificación en equivalente a toneladas CO₂ das emisións directas de gases efecto invernadoiro provocadas pola organización na execución das súas actividades e procesos. Contéplanse as seguintes opcións:

- Non calcula a emisión de gases efecto invernadoiro
- Sí calcula a emisión de gases efecto invernadoiro
- Calcula a emisión de gases de efecto invernadoiro e ten un plan aprobado polos órganos de goberno da empresa para a súa redución
- O seu plan de redución de emisión de gases efecto invernadoiro está verificado por unha institución oficial ou sociedade certificadora

Máis do 50% das empresas non controlan a emisión de gases efecto invernadoiro, en concreto 39 empresas. Das 31 que si o calculan, unicamente 13, un 18,6% do total, teñen o proceso de redución das emisións controlado por unha institución oficial ou sociedade certificadora.

Recursos destinados pola empresa para a protección do medio ambiente




B4: Evolución da emisión de gases efecto invernadoiro

Utilízase o ratio " $(\text{Toneladas CO}_2 \text{ 2020} / \text{Toneladas CO}_2 \text{ 2019} - 1) \times 100$ " para medir o incremento ou decrecemento no último exercicio e opérase en función de dous supostos excluíntes:

- Tómanse as empresas con ratio negativo e calcúlase segundo a fórmula seguinte: $(\text{Ratio da empresa} / \text{Mínimo ratio da mostra de empresas}) \times 4$. Os valores neste caso oscilarán entre 0 e 4.
- Tómanse as empresas con ratio positivo e calcúlase segundo a fórmula seguinte: $(\text{Ratio da empresa} / \text{Máximo ratio da mostra de empresas}) \times (-4)$. Os valores oscilarán entre 0 e -4 (penálizase o aumento das emisións).

Entre as empresas do AGECE 2021, 28, **(o 40%) declaran ter reducido a emisión de gases efecto invernadoiro** durante o ano anterior; en 7 casos, esa redución foi superior ao 25% das emisións mentres que noutros 7 casos, oscilou entre o 10 e o 25%.

Variación anual das emisións de gases efecto invernadoiro (En porcentaxes)




B5: Uso de fontes de enerxía renovables

Considérase a porcentaxe do consumo enerxético da empresa que procede de fontes de enerxía renovables. Tómasse a máxima porcentaxe da mostra de empresas e o valor será: (Porcentaxe empresa/Máxima porcentaxe da mostra de empresas) x 4.

A este respecto, **24 empresas (o 34% do total do Atlas) declaran non saber que parte da enerxía que consumen procede de enerxías renovables.** Das 46 restantes, 13 sinalan que máis do 50% da enerxía que precisan para o desenvolvemento das súas actividades procede de fontes renovables.

Porcentaxe que representa a enerxía procedente de fontes renovables sobre o consumo enerxético total da empresa



B6: Bioeconomía circular

Por bioeconomía circular debemos entender un modo de producir sobre a base de recursos biolóxicos renovables e de produtos reciclados ou derivados dun consumo previo. Para a medición desta variable, utilizamos os **atributos** seguintes:

- Implantación dun plan de desenvolvemento da bioeconomía circular
- Programa de redución de uso de plásticos
- Na elección de provedores, consideración da súa política en materia de uso do plástico
- Medidas concretas para a substitución de materias primas ou produtos de orixe fósil por outros de natureza biolóxica ou renovable
- Política de utilización de materiais reutilizables, reciclables e valorizables nos envases e embalaxes

A este respecto, diremos que 18 empresas, isto é, o 26% das que forman o Atlas, non cumpren ningún dos atributos anteriores, mentres que 9 delas amosan unha atención integral dos cinco puntos. En canto á **estratexia en torno ao plástico**, un 63% das empresas declara ter un plan de redución de plásticos non reciclables no seu proceso de produción e na elección de envases e embalaxes. Porén, unicamente **un 27% esixe ós provedores a redución no uso de plástico**. Por outra banda, nada máis ca un 34% teñen plans para introducir os principios da bioeconomía circular nos seus procesos.

Implantación da bioeconomía circular


Respecto aos envases e embalaxes, ten implantada a súa empresa unha política de utilización de materiais reutilizables, reciclables e valorizables?

Aplica a empresa medidas concretas para a substitución de materias primas ou produtos de orixe fósil por outros de natureza biolóxica ou renovable?

A súa empresa esixe aos seus provedores que apliquen medidas de redución no uso de plásticos?

Ten implantado a súa empresa un programa para a redución do uso de plásticos?

Desenvolve a súa empresa un plan para a implantación da bioeconomía circular?



■ Sí ■ Non ■ Non sabe/ Non contesta



Empresas destacadas na categoría Medio Ambiente

A análise e tratamento das realidades anteriores, permite distinguir as organizacións do Atlas que amosan un maior compromiso respecto ao **Medio Ambiente** en Galicia tal como reflicte a listaxe con aquelas cun maior número de estrelas:

Empresas destacadas		Estrelas
1.	Corporación Hijos de Rivera	★★★★★
2.	Inditex	★★★★★
3.	Grupo Gestán	★★★★★
4.	Gadisa	★★★★★
5.	R Cable	★★★★★
6.	Greenalia	★★★★★
7.	Abanca	★★★★★
8.	Grupo Calvo	★★★★★

Medio Ambiente

A white silhouette of the map of Galicia is positioned on the left side of the cover, partially overlapping the teal background and the landscape image.

**Atlas Galego
da Empresa
Comprometida**

2021
GALICIA SMART BUSINESS

CONTORNA

Metodoloxía e resultados



The image is a full-page photograph of a rugged coastal landscape. In the foreground, dark, jagged rock formations are partially covered with green moss or lichen. The sea is visible at the bottom, with white foam from breaking waves. In the middle ground, a small, white, square chapel with a dark roof and a small bell tower sits on a grassy cliff edge. The background shows rolling green hills and a distant, hazy coastline under a cloudy sky. A large, white rectangular box is centered over the middle of the image, containing the word 'Contorna' in a bold, black, sans-serif font. A solid cyan vertical bar runs along the left edge of the image.

Contorna

Máis implicación social e económica

Para unha empresa galega, a súa *Contorna* é **Galicia**, un territorio económico con características propias derivadas dunha historia, unha cultura, unha terra, unha demografía e unha estrutura empresarial de seu. Galicia, a súa sociedade e a súa economía, constitúen a **referencia principal do Atlas**. A evolución económica, social, política e medioambiental de Galicia terá un efecto directo sobre as súas empresas. Asemade, a actuación das empresas galegas terá un efecto igualmente directo sobre a economía e a sociedade galegas. País e Empresa están vencellados nunha íntima relación que non pode ser allea ás estratexias e xestión das organizacións con domicilio en Galicia.

Co fin de avaliar o compromiso das empresas galegas respecto á súa “contorna próxima”, utilizamos as seguintes variables:

- Peso dos provedores galegos
- Expansión de mercados
- Peso do persoal en Galicia
- Participación social
- Cultura e lingua galegas
- Investigación e desenvolvemento

A seguir ofrecemos a análise de cada variable dentro da categoría *Contorna*.



C1: Peso dos provedores galegos

En plena crise do abastecemento, esta variable tórnase especialmente significativa dentro do Atlas. Un auténtico compromiso co futuro do país require das empresas galegas unha toma de conciencia respecto das cadeas de produción dos seus produtos e unha avaliación sobre os provedores que participan nelas, xa sexan de materias primas, de produtos intermedios ou de servizos. Cantos máis elos das cadeas de valor sexan cubertos por empresas locais, máis riqueza quedará no país, máis se asegurarán os subministros e máis estaremos a axudar a reducir a pegada do carbono.

Para a medición da variable, tómase a **porcentaxe de provedores galegos** que utiliza cada empresa sobre o total cos que mantén relacións de negocio. A variable divídese en dous atributos: porcentaxe de provedores galegos, en primeiro lugar, dentro da cadea de produción da organización, e en segundo lugar, dos prestadores de servizos auxiliares tales como enerxía, obras, mantemento, seguridade, administración, loxística, legal ou limpeza. En concreto, aplícanse catro niveis a cada tipoloxía de provedor segundo esa participación sexa inferior ao 10%, estea

entre o 10 e o 33%, entre o 33 e o 66% ou ben que sexa superior ao 66%.


Respecto aos **provedores dentro da cadea de produción**, un 40% das empresas do Atlas manifesta que os provedores galegos teñen un peso entre o 33% e o 66% sobre o total, mentres que nun 19% dos casos esa porcentaxe supera o 66%. Atendendo aos **provedores de servizos auxiliares**, ese peso aumenta notablemente: un 32% das empresas do Atlas manifesta que os provedores galegos teñen un peso entre o 33% e o 66% sobre o total mentres que nun 44% dos casos esa porcentaxe supera o 66%.

É desexable que a presenza de provedores locais aumente nas principais cadeas de valor da nosa economía. O **fomento da economía de proximidade** ha ser unha das claves de prosperidade no futuro inmediato.


C2 Expansión de mercados

A apertura de mercados ofrece innumerables beneficios para unha empresa, sobre todo axúdaa a identificar as pancas de competitividade e permítelle aprender da

Porcentaxe de provedores galegos dentro da cadea de produción



Porcentaxe de provedores galegos nos servizos auxiliares



aprendizaxe obtida en diferentes contornas. Pero ademais, **ampliar os mercados** fai que a empresa medre en dimensión co cal xera novos empregos, habitualmente de perfil medio e medio alto. A apertura de mercados, unha vez consolidada, suporá tamén un **maior potencial de creación de riqueza** que redundará en beneficio da propia comunidade onde se radica a empresa. Por todo este conxunto de razóns, incorporamos nesta segunda edición do Atlas a variable *Expansión de mercados*.

A **porcentaxe de vendas fóra de Galicia** sobre unha base 4 é o atributo que utilizamos de modo que se o 100% das vendas dunha empresa se producen fóra do noso territorio, a empresa obtén 4 puntos; se esa porcentaxe fose, por exemplo, do 50%, serían 2 puntos. A media aritmética -sen ponderar por facturación para evitar a influencia dos grandes grupos da mostra- das empresas que forman o Atlas é do 48%, con 10 empresas nas que máis do 90% das súas vendas proceden do exterior. Entendemos que en futuras edicións do AGECE, estas cifras aumentarán.

C3 Peso do persoal en Galicia

Tómase como base o total de persoal laboral non comercial (non dedicados á distribución e venda persoal), e considérase a porcentaxe das/os radicadas/os en Galicia tamén sobre

un intervalo 0–4 segundo a fórmula: (Número traballadoras/-es non comerciais radicadas/-os en Galicia/Total traballadoras/-es non comerciais da empresa) x 4.

As empresas do AGECE declaran que o **81% do seu persoal non comercial** (media aritmética) se localiza en instalacións con domicilio en **Galicia**. Entre elas, 28 manifestan que o 100% do seu persoal non comercial está radicado en Galicia. No outro extremo, 9 empresas poñen de manifesto que menos do 50% do seu persoal non dedicado a vendas ou distribución está localizado en Galicia.

C4 Participación social

A pandemia puxo de manifesto a importancia de que unha sociedade desenvolva sentimentos de comunidade, que os seus axentes principais estean interconectados, que promovan estratexias integradas, accións conxuntas... Unha sociedade entendida como unha rede densa con fortes nós, é unha sociedade resiliente, unha sociedade capaz de asumir os riscos, encaixar os problemas e recuperarse con novos azos unha vez os supera.

Nesta liña, analizamos na variable *Participación social* o **nivel de implicación da empresa** respecto aos **principais axentes da sociedade civil** entendendo por tales universidades, ONGs, fundacións, clubs e centros culturais e deportivos,



asociacións cidadás e colexios profesionais. Avalíase esta variable de 0 a 4 de acordo aos seguintes **atributos** dicotómicos:


- A empresa elaborou un mapa dos principais axentes da sociedade civil en Galicia e/ou nos municipios galegos onde ten presenza
- A empresa aplica un programa periódico de relación e organización de actividades con axentes da sociedade civil
- A empresa asinou acordos estratéxicos de colaboración con axentes da sociedade civil
- A empresa habilita un orzamento periódico para o desenvolvemento de actividades compartidas con axentes da sociedade civil

Consonte a esa relación das empresas do Atlas con institucións da sociedade civil, verificamos que esta **relación é frecuente e frutí-**

fera en moitas casos, pero que tamén existe un amplo marxe de potenciación; constátase ademais que a situación respecto á primeira edición mantense practicamente inalterable. Estes son os datos do AGECE 2021:

- Un 46% das empresas realizou un mapa ou rexistro de institucións da sociedade civil a ter en consideración na súa política de comunicación e RSC
- Un 60% das empresas aplica un programa periódico de actividades con institucións da sociedade civil
- Un 66% das empresas asinou acordos estratéxicos con institucións da sociedade civil de Galicia
- Un 61% das empresas habilita un presuposto periódico para as actividades a levar a cabo conxuntamente con institucións da sociedade civil do país.

Relación cos axentes sociais



C5 Cultura e lingua galegas




Se falabamos na anterior variable da necesidade de fomentar o sentimento de comunidade, o mellor e tamén máis consistente xeito de levalo a cabo é a través da nosa cultura. Galicia posúe unha cultura propia que define unha identidade, unha tradición e unha idiosincrasia, un modo de facer e estar no mundo. Dispón tamén dunha lingua propia mediante a cal pode expresar esa forma de entender as cousas. A lingua galega supón un plus de fraternidade respecto ao consumidor interior, e tamén unha dose de autenticidade dos nosos produtos e propostas.

A empresa galega dispón dun recurso de indubidable valor económico e social, tanto para o mercado interno como para o consumidor externo que recoñece e aprecia os produtos que identifican as súas orixes. Así pois, pódese afirmar rotundamente que **a cultura e a lingua propias de Galicia** representan outro **sinal esencial na relación das empresas galegas coa súa contorna próxima**.

Para a avaliación desta variable, recorremos aos seguintes **atributos**:

- A empresa participa en programas de mecenado e/ou promoción vinculados á cultura propia de Galicia
- A empresa incorpora elementos da cultura galega á súa carteira de produtos e/ou servizos e na política de comunicación externa
- A empresa utiliza a lingua galega, ben de maneira principal ou ben en equivalencia co castelán, na publicidade e a comunicación externa da empresa
- A empresa utiliza a lingua galega, ben de maneira principal ou ben en equivalencia co castelán, na etiquetaxe dos seus produtos e na prestación dos seus servizos

Vinculación coa cultura galega



A vinculación entre a empresa e a lingua e a cultura galegas queda reflectida nos seguintes valores que amosan unha evolución positiva neste eido:


- Un 67% das empresas participa en programas de mecenado ou promoción de programas da cultura galega (56% na edición anterior)
- Un 63% das empresas incorpora elementos da cultura galega aos seus produtos, ao seu servizo ou á súa política de comunicación pública (49% na edición anterior)
- Un 42% das empresas do Atlas manifestan utilizar a lingua galega na súa publicidade e comunicación externa, un 9% de maneira principal e un 33% en proporción similar ao castelán (8% e 20%, respectivamente na primeira edición)
- Un 36% das empresas do Atlas manifestan utilizar a lingua galega no etiquetado dos produtos e na prestación de servizos, un 6% de maneira principal e un 30% en proporción similar ao castelán (7% e 18%, respectivamente na primeira edición)

C6 Investigación e Desenvolvemento

A Investigación e Desenvolvemento constitúe un elemento transcendental para o progreso e a sostibilidade dos países e as súas economías. Xa nos anos 90 do século pasado, Michael Porter identificara o I+D+i como o factor esencial da “competitividade das nacións”. Trala pandemia, este factor revélase aínda máis fundamental se cabe. Unha forte estrutura investigadora semella a condición necesaria, malia que non por desgraza suficiente, para responder aos fenómenos imprevisibles que teñen lugar no planeta de maneira cada día máis frecuente. Velaí a presenza desta variable no Atlas e dentro da categoría “Contorna próxima”.

Definimos a variable como o **investimento e o gasto corrente dedicado a I+D** en relación á facturación total da empresa. Inclúense os gastos en actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico realizados dentro da unidade ou centro investigador da empresa; os gastos levados a cabo fóra do centro, pero en apoio das tarefas de I+D internas, tamén se inclúen.

Tratamento da lingua galega na empresa



Súmanse os gastos do persoal afecto, outros gastos correntes e os gastos de capital.

A variable mídese en relación ao total facturado no exercicio nun intervalo 0 – 4 sendo 4 o maior valor acadado entre as empresas do Atlas do ratio “Investimento I+D/Facturación*1000000). O ratio varía notablemente, como era de prever, entre empresas tanto do mesmo coma de distinto sector. A media do gasto de I+D das empresas do AGECE 2021 é de 25.414 euros por millón facturado, con 5 empresas con un gasto por encima dos 100.000 euros por millón: **Mestrelab, Netex, AMSLab, Quobis e Grupo Gestán.**

Empresas destacadas na categoría Contorna

A partir da análise das variables anteriores, detectamos as empresas que merecen ser destacadas en relación ao seu compromiso coa súa contorna próxima, isto é, con Galicia.

Empresas destacadas		Estrelas
1.	Quobis	★★★★★
2.	Ibercisa Deck Machinery	★★★★★
3.	Mestrelab	★★★★★
4.	Industrias Ferri	★★★★★
5.	Conservas Friscos	★★★★★
6.	Congalsa	★★★★★
7.	Vegalsa - Eroski	★★★★★
8.	R.C. Deportivo	★★★★★
9.	Corporación Hijos de Rivera	★★★★★
10.	Vitrassa	★★★★★
11.	Ceamsa	★★★★★
12.	Greenalia	★★★★★
13.	Emalcsa	★★★★★
14.	Gadisa	★★★★★
15.	Grupo Internaco	★★★★★
16.	Abanca	★★★★★
17.	Citic Censa	★★★★★
18.	Kaleido Ideas & Logistics	★★★★★
19.	Tejas Vereas	★★★★★
20.	AMSLab	★★★★★
21.	BorgWarner Spain	★★★★★
22.	Cosaga	★★★★★
23.	BMC	★★★★★
24.	Grupo Gestán	★★★★★
25.	Sogama	★★★★★
26.	Hospital Ribera Poviá	★★★★★
27.	Coreti	★★★★★

A stylized map of Galicia, Spain, rendered in a light beige color with a torn-paper edge effect. It is positioned on the left side of the cover, partially overlapping a solid teal vertical bar.


**Atlas Galego
da Empresa
Comprometida**

GALICIA SMART BUSINESS

2021

PERSOAS

Metodoloxía e resultados





Pessoas

Máis igualdade e teletraballo

Sempre se fala das persoas coma o principal activo das empresas. Durante a pandemia, este feito manifestouse cunha intensidade inédita. O **Covid-19** supuxo unha presión extraordinaria sobre a relación entre empresas e traballadores que, a través dunha actitude maioritariamente construtiva e tendente ao acordo, conseguiron acoutar e reducir as consecuencias ata dimensións tolerables.

Como dicíamos na primeira edición, as persoas que forman parte de cada organización son o colectivo directamente afectado polas políticas e a xestión da empresa. Ao mesmo tempo, son axentes activos desas políticas coa cal a relación empresa–persoal debe entenderse máis como sinerxia que coma dependencia. Xa que logo, as persoas dunha empresa amosan ante esta unha tripla dimensión:

- Como receptores das políticas de persoal da empresa
- Como partícipes nas estratexias que a empresa diseña na súa relación coa comunidade
- E como parte desa mesma comunidade

A partir das anteriores consideracións, o *Atlas Galego da Empresa Comprometida* seleccionou unha serie de **variables** ás que engadiu dúas específicas da política adoptada durante a pandemia que xa se comentaron nas *Conclusións xerais*. O conxunto de variables manexadas nesta categoría é o seguinte:

- Movemento de persoas ao ano
- Formación
- Estabilidade do emprego
- Persoas con discapacidade
- Igualdade
- Teletraballo
- Procesos participativos
- Crisis Covid-19

D1: Movemento de persoas ao ano


Foi un ano tremendamente complicado para a xestión do persoal das empresas, con diferenzas notables en función do grao de afectación que cada sector sufriu respecto da pandemia.

Fronte á perda de emprego total nas empresas do Atlas do 11%, 38 empresas conseguiron aumentar o número de traballadores, 15 delas por riba dun 10% anual. Mencionamos entre estas, as que superan os 100 empregados: **Altia, Grupo Calvo, Conservas Friscos, DomusVi, Grupo Gestán, Maviva, Plexus Tech e Wind1000**.

Hai que subliñar que algunhas destas empresas son do ámbito tecnolóxico (**Altia, Plexus Tech...**) ou asistencial (**DomusVi**), uns sectores que durante a pandemia incrementaron a súa actividade.

Por **tramos de variación do persoal**, a evolución das empresas foi como vemos no gráfico da esquerda.

Variación de persoal en 2020




D2: Formación

Enténdese que a Formación supón unha condición indispensable para o completo desenvolvemento das/os traballadoras/es e un indicador esencial do compromiso da empresa co **crecemento persoal e profesional** das súas empregadas e dos seus empregados.

Tómase o número de horas totais de formación (presencial e online) dedicadas na empresa por empregado e calcúlase o cociente obtido de dividir o número total de horas de formación entre o número total de traballadoras/es. Obtense entón o máximo cociente da mostra e o resultado será: (Cociente empresa/Máximo cociente mostra de empresas) x 4. Con esta fórmula, observamos unhas diferencias notables no uso da formación nas empresas do Atlas, con **máis da metade das organizacións cunha escasa dedicación a tarefas formativas** mentres que unicamente o 5,7% delas (4 empresas) dedican máis de 50 horas de formación por empregado e ano:

Horas de formación por traballador




D3: Estabilidade

Enténdese por Estabilidade o **peso dos contratos fixos a tempo completo** sobre o total de contratos na empresa. O resultado desta variable sae da porcentaxe de contratos fixos a tempo completo sobre o total traballadoras/es contratadas/os multiplicado por 4.

Atendendo á estabilidade no emprego como nova variable vinculada ao compromiso das empresas respecto ás persoas que traballan no seo da súa organización, calculamos unha **porcentaxe media de contratos fixos a tempo completo** do **82%**, coa seguinte distribución:

Porcentaxe de contratos fixos sobre o total




D4: Persoas con discapacidade

A aplicación dunha política de integración de persoas con discapacidade enténdese un factor evidente favorable respecto ao compromiso da empresa na categoría que estamos a avaliar. A tal efecto, estableceu-se o ratio entre o número de **persoas con**

algún tipo de discapacidade contrata-
das pola empresa entre o total de traba-

A **media** resulta ser un **0,8% sobre o total de empregos** das empresas do Atlas. Analizando os datos, vemos novamente unha disparidade importante tal como reflicte o gráfico seguinte:

Porcentaxe de persoal con discapacidade



D5: Igualdade

Na elaboración do Atlas considerouse que a preocupación da empresa pola igualdade de xénero na organización e na toma de decisións debe ser un eixo nas políticas de dirección do persoal. Neste sentido, identificáronse dúas realidades complementarias: por unha banda, as accións en marcha para acadar o **obxectivo de igualdade**, e por outra, a presenza real de mulleres nos **órganos de goberno**.

Respecto dos plans implantados nas empresas, utilizáronse catro **atributos** dicotómicos:

- Existe un obxectivo na política de persoal da empresa para equilibrar a distribución de sexos nos seus órganos de goberno
- Existe na empresa un plan ou programa de igualdade dirixido a identificar e eliminar casos de discriminación laboral por motivo de xénero
- Coñécese a retribución media por categorías laborais en función do xénero dos traballadores/as e realízase un seguimento das posibles desigualdades
- Ten establecidas a empresa medidas para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar



A este respecto, observamos unha **positiva evolución fronte a primeira edición** do AGECE: un 69% das empresas do Atlas contan cun plan para equilibrar a proporción de xénero nos seus órganos de goberno (58% na edición anterior); o 76% das empresas dispoñen dun plan para detectar e eliminar as discriminacións laborais por razón de xénero (70% na primeira edición); o 71% realiza un seguimento e comunica as posibles desigualdades salariais por categoría e xénero (53% na edición anterior); e un 91% ten un programa de medidas para facilitar a conciliación laboral (80% na primeira edición).

A **presenza de mulleres en órganos de dirección** amosa os números seguintes: entre as 66 empresas que contestaron á cuestión relacionada co comité de dirección, as mulleres **ocupan un 29% dos postos** como media; respecto ao consello de administración, entre as 59 empresas que responderon, **a media de mulleres era dun 23%**. Subliñamos o caso de **Teiga TMI** con maioría feminina en ámbolos dous órganos de goberno, **Kaleido Ideas & Logistics**, **Wind1000** e **Granja Campomayor**, con maioría de mulleres no comité de dirección, e **Torre de Núñez** e **Conservas Friscos** con maioría no consello de administración.


D6: Teletraballo

Como se avanzou nas conclusións xerais, a dispoñibilidade para os traballadores de desenvolver a súa actividade dende o fogar considerouse un elemento especialmente relevante a considerar na categoría Persoas a partir da irrupción da pandemia. Neste sentido, presentáronse ás empresas do Atlas 4 opcións:

- Aplicamos o plan de teletraballo que xa existía na organización
- Implantamos unha plataforma de teletraballo para o conxunto da organización
- Implantamos unha solución de teletraballo para os empregados que o solicitaban
- Non contemplamos a opción do teletraballo

Os resultados foron claros: 5 empresas tiñan un plan previsto, 56 implantaron unha solución para o conxunto da organización, 6 unicamente para os empregados que o solicitaron, e tan só 3 empresas desbotaron calquera opción. Os xestores do AGECE, animamos o conxunto de empresas galegas a manter o teletraballo como opción aberta a disposición do persoal, polo efecto positivo sobre a conciliación familiar, por unha flexibilidade máis que necesaria nestes momentos que ademais non resta produtividade ás organizacións, e polas consecuencias de redución de emisións de CO2 ao evitar desprazamentos fogar-lugar de traballo moitas veces innecesarios.

Desenvolvemento do teletraballo



- Aplicamos o plan de teletraballo que xa existía na organización
- Implantamos no conxunto da organización un plan de teletraballo que deseñamos a consecuencia da pandemia
- Implantamos o teletraballo para aqueles empregados/as que desexaron acollerse a él
- Descartamos o teletraballo porque reduce a produtividade



D7: Procesos participativos


Entendemos que facilitar a participación dos traballadores e traballadoras na **toma de decisións relevantes** da empresa supón a máis nítida forma de compromiso respecto ás persoas que configuran a organización. Por ese motivo introducimos esta variable que denominamos Procesos participativos, novidade respecto á primeira edición.

Co obxecto de medir a implantación desta variable nas empresas do Atlas, recorremos aos catro **atributos** seguintes en función de se os traballadores toman parte en:

- A definición dos obxectivos xerais
- A valoración do desempeño dos directivos
- A definición dos perfís para a selección do persoal e a elección de candidatos
- A definición de obxectivos das accións sociais coa comunidade

Entre as empresas do Atlas, 13 (o 19% do total) amosan ter unha dirección participativa integral, ao manifestar na enquisa que os traballadores son tidos en conta nos catro aspectos contemplados. Respecto a cada cuestión, o 73% das empresas afirman contar coas traballadoras e traballadores na definición de obxectivos, o 44% na valoración de desempeño dos directivos, o 49% na definición de perfís dos postos a cubrir na organización e o 53% na definición de obxectivos sociais.

Procesos participativos dos traballadores na empresa



D8: Crisis Covid-19

Como xa se comentou, quixemos incluír nesta edición do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, a política das empresas respecto do Covid-19. Presentáronse 4 opcións:

- Adaptación á evolución da demanda sen prescindir de ningún traballador
- Prescindir dos traballadores temporais
- Adoptar un ERTE selectivo
- Adoptar un ERTE xeral

A gran maioría de empresas, 50 sobre as 70 participantes, non prescindiu dos traballadores temporais nin adoptou un ERTE. Entre as 20 que si decidiron aplicar ERTE, en 8 casos foi selectivo e en 12 xeral.

Empresas destacadas na categoría Persoas

A avaliación conxunta das variables anteriores ofrécenos como resultado a identificación das empresas ou grupos de empresas cun maior compromiso cara ás persoas que conforman cadansúas organizacións. A relación das empresas de 4 o máis estrelas é:

Empresas destacadas		Estrelas
1.	Ceamsa	★★★★★
2.	Quobis	★★★★★
3.	Conservas Friscos	★★★★★
4.	Grupo Gestán	★★★★★
5.	Avante Evolumedia	★★★★★
6.	Altia	★★★★★
7.	Kaleido Ideas & Logistics	★★★★★
8.	Eleko Galicia	★★★★★
9.	Mestrelab Research	★★★★★
10.	Greenalia	★★★★★
11.	Grupo Calvo	★★★★★
12.	Arias Infraestructuras	★★★★★
13.	Hospital San Rafael	★★★★★
14.	Espina & Delfín	★★★★★
15.	Emalcsa	★★★★★
16.	Abanca	★★★★★
17.	Plexus Tech	★★★★★
18.	CNTravel	★★★★★
19.	Coreti	★★★★★

Persoas



Resultados

(Orde alfabética)

Abanca		Valoración:
	Bo goberno	★★★★☆
	Medio ambiente	★★★★☆
	Contorna	★★★★☆
	Persoas	★★★★☆
www.abanca.com		

 **Sector:** 6419 - Outra intermediación monetaria
 **Sede:** A Coruña  **Ingresos:** 1.103.950.000 €  **Plantilla:** 5.648

Akwel Vigo Spain		Valoración:
	Bo goberno	★★★★☆
	Medio ambiente	★★★☆☆
	Contorna	★★★☆☆
	Persoas	★★★☆☆
www.akwel-automotive.com		

 **Sector:** 2932 - Fab. outros compoñentes, pezas e acces. para vehículos
 **Sede:** Vigo  **Ingresos:** 85.000.000 €  **Plantilla:** 350

Altia	Valoración:	
	Bo gobierno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.altia.es		

 **Sector:** 6202 - Actividades de consultoría informática
 **Sede:** Oleiros
  **Ingresos:** 129.967.294 €
  **Plantilla:** 2.029

AMSLab	Valoración:	
	Bo gobierno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.ams-lab.com		

 **Sector:** 7211 - Investigación e desenvolvemento experimental en biotecnoloxía
 **Sede:** Lugo
  **Ingresos:** 2.300.000 €
  **Plantilla:** 44

Arias Infraestructuras	Valoración:	
	Bo gobierno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.ariasinfraestructuras.com		

 **Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais
 **Sede:** A Coruña
  **Ingresos:** 18.208.606 €
  **Plantilla:** 118

Avante Evolumedia	Valoración:	
	Bo gobierno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.avantemedios.com		

 **Sector:** 7311 - Axencias de publicidade
 **Sede:** Santiago
  **Ingresos:** 23.500.000 €
  **Plantilla:** 90

BAP&Conde Media		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.bapconde.com		

 **Sector:** 7311 - Axencias de publicidade
 **Sede:** A Coruña
  **Ingresos:** 6.171.082 €
  **Plantilla:** 21

Bioetanol Galicia (Vertex Bioenergy)		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.vertexbioenergy.com		

 **Sector:** 2014 - Fabricación doutros produtos básicos de química orgánica
 **Sede:** Curtis
  **Ingresos:** 140.683.000 €
  **Plantilla:** 73

BMC		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.bmcec.com		

 **Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais
 **Sede:** Nigrán
  **Ingresos:** 10.000.000 €
  **Plantilla:** 36

BorgWarner Spain		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.borgwarner.com		

 **Sector:** 2932 - Fab. outros compoñentes, pezas e accesorios para vehiculos motor
 **Sede:** Vigo
  **Ingresos:** 76.314.321 €
  **Plantilla:** 484

Cafés Candelas		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.cafescandelas.com		

 **Sector:** 1083 - Elaboración de café, té e infusións

 **Sede:** Lugo

 **Ingresos:** 42.000.000 €

 **Plantilla:** 338

Ceamsa		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.ceamsa.com		

 **Sector:** 1089 - Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.o.p.

 **Sede:** O Porriño

 **Ingresos:** 110.000.000 €

 **Plantilla:** 389

Citic Censa		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.citic-censa.es		

 **Sector:** 2529 - Fab. outras cisternas, grandes depósitos e contedores metal

 **Sede:** O Porriño

 **Ingresos:** 24.606.708 €

 **Plantilla:** 161

CNTravel		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.cntravel.es		

 **Sector:** 7911 - Activades das axencias de viaxes

 **Sede:** Sanxenxo

 **Ingresos:** 6.279.159 €

 **Plantilla:** 55

Congalsa		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.congalsa.com		

 **Sector:** 4638 - Comercio ao por maior peixes, mariscos e outros prod. alimentic.

 **Sede:** A Pobra do Caram.  **Ingresos:** 100.686.433 €  **Plantilla:** 332

Conservas Friscos		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.friscos.es		

 **Sector:** 1022 - Fabricación de conservas de peixe

 **Sede:** Catoira  **Ingresos:** 46.370.000 €  **Plantilla:** 161

Copasa		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.copasagroup.com		

 **Sector:** 4212 - Construción de vías férreas de superficie e subterráneas

 **Sede:** Ourense  **Ingresos:** 278.492.804 €  **Plantilla:** 1.320

Coreti		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.coreti.com		

 **Sector:** 1729 - Fabric. doutros artigos de papel e cartón

 **Sede:** Bergondo  **Ingresos:** 17.749.717 €  **Plantilla:** 105

Corporación Hijos de Rivera

Valoración:



Bo gobierno



Medio ambiente



Contorna



Persoas


www.corporacionhijosderivera.com
**Sector:** 1105 - Fabricación de cervexa**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 479.000.000 €**Plantilla:** 1.250

Cosaga

Valoración:



Bo gobierno



Medio ambiente



Contorna



Persoas


www.cosaga.com
**Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias**Sede:** Ourense**Ingresos:** 9.865.771 €**Plantilla:** 142

Coterena

Valoración:



Bo gobierno



Medio ambiente



Contorna



Persoas


www.coterena.es
**Sector:** 3315 - Reparación e mantemento naval**Sede:** Vigo**Ingresos:** 14.999.195 €**Plantilla:** 48

DomusVi

Valoración:



Bo gobierno



Medio ambiente



Contorna



Persoas


www.domusvi.es
**Sector:** 8731 - Asistencia en establec. residenciales para persoas maiores**Sede:** Vigo**Ingresos:** 618.900.000 €**Plantilla:** 24.789

Ecoener		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.ecoener.es		

 **Sector:** 7112 - Serv. técnicos enxeñaría e outras act. de asesor. técnico
 **Sede:** A Coruña
  **Ingresos:** 36.897.000 €
  **Plantilla:** 42

Eleko Galicia		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.eleko.es		

 **Sector:** 4669 - Comercio ao por maior de outra maquinaria e equipo
 **Sede:** A Coruña
  **Ingresos:** 15.621.068 €
  **Plantilla:** 70

Emalcsa		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.emalcsa.es		

 **Sector:** 3600 - Captación, depuración e distribución de auga
 **Sede:** A Coruña
  **Ingresos:** 22.859.401 €
  **Plantilla:** 123

Espina & Delfín		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.espinaydelfin.com		

 **Sector:** 4291 - Obras hidráulicas
 **Sede:** Santiago
  **Ingresos:** 38.382.480 €
  **Plantilla:** 341

Eurobanan Galicia		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.eurobanan.com		

 **Sector:** 4631 - Comercio ao por maior de froitas e hortalizas

 **Sede:** O Porriño

 **Ingresos:** 36.000.000 €

 **Plantilla:** 74

Gadisa		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.gadisa.es		

 **Sector:** 4639 - Comercio ao por maior, non espec., prod. aliment., bebidas e tabaco

 **Sede:** Betanzos

 **Ingresos:** 1.350.200.000 €

 **Plantilla:** 7.992

Galvin		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.galvin.es		

 **Sector:** 6920 - Act. de contabilidade, teneduría de libros, audit. e asesoría fiscal

 **Sede:** Vigo

 **Ingresos:** 14.000.000 €

 **Plantilla:** 65

Gesuga		Valoración:
	Bo goberno	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.gesuga.com		

 **Sector:** 3822 - Tratamento e eliminación de residuos perigosos

 **Sede:** Cerceda

 **Ingresos:** 16.885.831 €

 **Plantilla:** 75

Granja Campomayor

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.campomayor.com
**Sector:** 0147 - Avicultura**Sede:** Palas de Rei**Ingresos:** 19.119.279 €**Plantilla:** 74

Greenalia

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.greenalia.es
**Sector:** 3519 - Producción de enerxía eléctrica doutros tipos**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 43.000.000 €**Plantilla:** 99

Grupo Calvo

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.grupocalvo.com
**Sector:** 1022 - Fabricación de conservas de peixe**Sede:** Carballo**Ingresos:** 578.000.000 €**Plantilla:** 5.078

Grupo Gestán

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.grupogestan.com
**Sector:** 7112 - Serv. técnicos enxeñaría e outras act. de asesor. técnico**Sede:** As Pontes**Ingresos:** 29.334.903 €**Plantilla:** 163

Grupo Internaco		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.internacogroup.com		

 **Sector:** 4661 - Comercio ao por maior maquinaria, equipos e subministracións agrícolas
 **Sede:** Ordes
  **Ingresos:** 98.739.773 €
  **Plantilla:** 222

Grupo Leche Río		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.riodegalicia.es		

 **Sector:** 1051 - Preparación de leite e outros produtos lácteos
 **Sede:** Lugo
  **Ingresos:** 139.324.671 €
  **Plantilla:** 132

Grupo OCA		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.grupooca.com		

 **Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais
 **Sede:** Carral
  **Ingresos:** 13.500.000 €
  **Plantilla:** 54

Hospital Rivera Povisa		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.riberasalud.com/povisa/		

 **Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias
 **Sede:** Vigo
  **Ingresos:** 98.006.000 €
  **Plantilla:** 1.452

Hospital San Rafael

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.imqsanrafael.es
**Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 22.612.916 €**Plantilla:** 251

Ibercisa Deck Machinery

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.ibercisa.es
**Sector:** 2899 - Fabr. doutra maquinaria para usos específicos n.c.o.p.**Sede:** Vigo**Ingresos:** 23.580.218 €**Plantilla:** 110

Inditex

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.inditex.com
**Sector:** 4642 - Comercio ao por maior de prendas de vestir e calzado**Sede:** Arteixo**Ingresos:** 20.402.000.000 €**Plantilla:** 144.116

Industrias Ferri

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.ferri-sa.es
**Sector:** 2899 - Fabricación doutra maquinaria para usos específicos n.c.o.p.**Sede:** Gondomar**Ingresos:** 10.617.184 €**Plantilla:** 36

Inveravante		Valoración:
	Bo governo	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.inveravante.com		



Sector: 6420 - Actividades das sociedades holding



Sede: A Coruña



Ingresos: 203.203.000 €



Plantilla: 960

Kaleido Ideas & Logistics		Valoración:
	Bo governo	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.kaleidologistics.com		



Sector: 5222 - Act. anexas transporte marítimo e por vías navegables int.



Sede: Vigo



Ingresos: 95.987.964 €



Plantilla: 250

Leiteira Pico Sacro		Valoración:
	Bo governo	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.leiteirapicosacro.es		



Sector: 4633 - Comercio ao por maior produtos lácteos, ovos, aceites e graxas com.



Sede: Boqueixón



Ingresos: 10.114.741 €



Plantilla: 8

Luckia Gaming Group		Valoración:
	Bo governo	★★★★★
	Medio ambiente	★★★★★
	Contorna	★★★★★
	Persoas	★★★★★
www.luckia.es		



Sector: 9200 - Actividades de xogos de azar e apostas



Sede: A Coruña



Ingresos: 433.396.000 €



Plantilla: 1.651



Maier Ferroplast

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.maier.es

**Sector:** 2229 - Fabricación doutros produtos de plástico**Sede:** O Porriño**Ingresos:** 39.500.000 €**Plantilla:** 232

Maviva

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.grupomaviva.com

**Sector:** 5210 - Depósito e almacenamento**Sede:** Vigo**Ingresos:** 37.000.000 €**Plantilla:** 840

Mestrelab

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.mestrelab.com

**Sector:** 6201 - Actividades de programación informática**Sede:** Santiago**Ingresos:** 6.410.000 €**Plantilla:** 50

Molduras del Noroeste

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.grupomolduras.com

**Sector:** 1623 - Fabric. estruct. madeira e pezas carpintaría e ebanistería**Sede:** Cambre**Ingresos:** 5.900.000 €**Plantilla:** 46

Netex		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.netexlearning.com		

 **Sector:** 6201 - Actividades de programación informática

 **Sede:** Oleiros

 **Ingresos:** 6.813.528 €

 **Plantilla:** 155

Nueva Pescanova		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.nuevapescanova.com		

 **Sector:** 4638 - Comercio ao por maior peixes, mariscos e outros prod. alimentic.

 **Sede:** Redondela

 **Ingresos:** 905.246.000 €

 **Plantilla:** 10.749

Plaintec		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.plaintec.com		

 **Sector:** 4121 - Construción de edificios residenciais

 **Sede:** Tui

 **Ingresos:** 9.200.000 €

 **Plantilla:** 60

Plexus Tech		Valoración:
	Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.plexus.es		

 **Sector:** 7112 - Serv. técnicos enxeñaría e outras activ. de asesor. técnico

 **Sede:** Santiago

 **Ingresos:** 74.028.428 €

 **Plantilla:** 1.800

Progando

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.progando.es

**Sector:** 1091 - Fabricación prod. para a alimentación de animais de granxa**Sede:** Arteixo**Ingresos:** 45.000.000 €**Plantilla:** 72

Quobis

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.quobis.com

**Sector:** 6209 - Outros servizos relacionados coas TIC**Sede:** O Porriño**Ingresos:** 3.500.000 €**Plantilla:** 46

R Cable

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.rcable.es

**Sector:** 6110 - Telecomunicacións por cable**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 345.344.000 €**Plantilla:** 272

R.C. Deportivo

Valoración:



Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.rcdeportivo.es

**Sector:** 9312 - Actividades dos clubs deportivos**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 25.588.662 €**Plantilla:** 179

Recambios Frain

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.recambiosfrain.com
**Sector:** 4531 - Comercio ao por maior repostos e accesorios de vehíc. de motor**Sede:** Lugo**Ingresos:** 42.776.214 €**Plantilla:** 125

Servicio Móvil

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.serviciomovil.com
**Sector:** 5210 - Depósito e almacenamento**Sede:** As Pontes**Ingresos:** 79.842.035 €**Plantilla:** 1.725

Simples Energía

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.simplesenergia.es
**Sector:** 3514 - Comercio de enerxía eléctrica**Sede:** O Porriño**Ingresos:** 6.500.000 €**Plantilla:** 5

Sogama

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.sogama.gal
**Sector:** 3821 - Tratamento e eliminación de residuos non perigosos**Sede:** Cerceda**Ingresos:** 109.362.423 €**Plantilla:** 22

Economía Digital Galicia

Teiga TMI		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.teigatmi.com		



Sector: 4321 - Instalacións eléctricas



Sede: Bergondo



Ingresos: 17.593.751 €



Plantilla: 130

Tejas Vereas		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.tejasverea.com		



Sector: 2332 - Fab. ladrillos, tellas e prod. de terras cocidas para constr.



Sede: Mesía



Ingresos: 9.480.000 €



Plantilla: 53

Torre de Núñez		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.torredenunez.com		



Sector: 1013 - Elaboración de produtos cárnicos e de volatería



Sede: Lugo



Ingresos: 30.000.000 €



Plantilla: 120

Unifersa		Valoración:
	Bo goberno	★ ★ ★ ★ ★
	Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
	Contorna	★ ★ ★ ★ ★
	Persoas	★ ★ ★ ★ ★
www.unifersa.es		



Sector: 4674 - Comercio ao por maior de ferretería, fontanería e calefacción



Sede: Fene



Ingresos: 29.435.710 €



Plantilla: 23



Vegalsa - Eroski

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.vegalsa.es

**Sector:** 4711 - Minoristas establ. non espec. con predominio pdtos alimentic.**Sede:** A Coruña**Ingresos:** 1.199.000.000 €**Plantilla:** 6.354

Vithas Vigo - Pontevedra

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.vithas.es

**Sector:** 8610 - Actividades hospitalarias**Sede:** Vigo**Ingresos:** 29.171.000 €**Plantilla:** 319

Vitrassa

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.vitrassa.es

**Sector:** 4931 - Transporte terrestre urbano e suburbano de pasaxeiros**Sede:** Vigo**Ingresos:** 18.563.634 €**Plantilla:** 364

Wind1000

Valoración:



Bo gobierno	★ ★ ★ ★ ★
Medio ambiente	★ ★ ★ ★ ★
Contorna	★ ★ ★ ★ ★
Persoas	★ ★ ★ ★ ★

www.wind1000.com

**Sector:** 4321 - Instalacións eléctricas**Sede:** Santiago**Ingresos:** 29.438.429 €**Plantilla:** 302

Economía Digital Galicia

 **Economía Digital Galicia**
www.economiadigital.es/galicia



PATROCINADORES GALICIA SMART BUSINESS:

